



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2009 09:30
Nº Rexistro: 05319
Data envío: 22/07/2009 14:24:02.658

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Bieito Lobeira Dominguez, deputada e deputado **do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral en Comisión**.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística, de conformidade coas disposicións procedentes, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galiza e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galiza en setembro do 2004, establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, e dálle prioridade á súa presenza en sectores estratéxicos. Non é posíbel conseguir os fins que esta normativa propón sen afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación de usos lingüísticos en galego.

O decreto *124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo* implica a efectiva realización do Plan xeral de normalización da lingua galega. A Consellaría de Educación, coa decisión tomada e anunciada da súa derogación, decide poñer en marcha a denominada “Consulta ás familias sobre a utilización das linguas no ensino non universitario”.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2009 09:30
Nº Rexistro: 05319

Data envío: 22/07/2009 14:24:02.658

Esta consulta que non ten o mínimo aval científico e a día de hoxe estase a converter nun bochornoso espectáculo mediático.

Por isto, fórmulanse as seguintes preguntas:

1. Por que a Consellaría de Educación non fixo públicos os datos de participación ao remate do proceso?
2. Por que o Conselleiro afirmou que se disporía dos datos da consulta “en cinco ou dez días” se, como se comprobou máis tarde, non tiña nin idea de canto tempo podería supoñer o reconto?
3. Cal é a metodoloxía empregada para o reconto?
4. Canto persoal está traballando no reconto?
5. Todo persoal que traballa no reconto é funcionario da Consellaría?
6. Está contratada algunha empresa para labores de apoio no proceso?
7. Quen vixía a limpeza do proceso? Persoal da propia Consellaría?, persoal externo?
8. Existen observadores externos do proceso?
9. De ser afirmativa a resposta, quen son?
10. De ser negativa, cales son os motivos para ese oscurantismo?
11. Onde foron custodiadas as enquisas?
12. Quen foi o encargado/a da súa custodia? Que rango administrativo ten dita persoa?

Santiago de Compostela, 22 de Xullo de 2009.

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín
Deputada do G.P. do BNG

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/07/2009 09:30
Nº Rexistro: 05319
Data envío: 22/07/2009 14:24:02.658

Asinado dixitalmente por:

María do Carme Adán Villamarín na data 22/07/2009 14:21:41

Bieito Lobeira Domínguez na data 22/07/2009 14:21:46